

CONVENIO DE PATROCINIO ENTRE A FUNDACIÓN DEPORTE GALEGO E A ENTIDADE CLUB BALONMANO PORRIÑO, TEMPADA 2026

Santiago de Compostela, na data da sinatura electrónica.

REUNIDOS

Dunha parte a FUNDACIÓN DEPORTE GALEGO, con N.I.F. G15769383, representada neste acto pola persoa do Presidente do seu Padroado, en calidade de Secretario Xeral para o Deporte da Xunta de Galicia, Don Roberto García Fernández, en virtude das facultades que ten conferidas. En diante Fundación.

Doutra parte a Entidade Club Balonmano Porriño, con N.I.F. G36246858, representada por Don/Dona Abel Estévez Carrera, con N.I.F. 77005372S, en virtude das facultades que lle son conferidas polos poderes presentados perante a Fundación. En diante, a Entidade.

EXPOÑEN

- I. Que a Fundación, entidade fundacional do sector público de Galicia, ten por finalidade a promoción do deporte na Comunidade Autónoma galega, en cuxa consecución está capacitada para a realización de distintas actuacións, en colaboración con institucións e empresas, tanto públicas como privadas.
- II. Que a Fundación Deporte Galego, ten aprobado o Plan de Patrocinio Deportivo Fundacional dos equipos de Alta Competición Profesional de Galicia 2026, cuxo obxecto principal é a promoción e incentivo do deporte e da práctica deportiva en Galicia, tendo por destinatarias as entidades con equipos nas diferentes ligas profesionais ou profesionalizadas. En diante, o Plan.
- III. Que no ámbito do acordo de colaboración para a promoción de actividades deportivas entre a Axencia Turismo de Galicia e a Secretaría Xeral para o Deporte, establécese como obxectivo a promoción de actuacións conxuntas que redunden na promoción nacional e internacional de Galicia e do Ano Santo Xacobeo 2027, a través do deporte. Dita colaboración concrétase a través



deste Plan de Patrocinio entre outras actuacións, para a promoción da marca Xacobeo Galicia 2027 que será desenvolvido pola Fundación Deporte Galego.

- IV. Que a Entidade conta cun equipo participante nunha das competicións incluídas no ámbito obxectivo do Plan. En diante, o Equipo.
- V. Que logo da correspondente tramitación do expediente, a Entidade ven de resultar adxudicataria no procedemento establecido para a formalización coa Fundación, dun convenio de patrocinio con motivo do Plan.
- VI. Que conforme a todo o referenciado, as Partes, recoñecéndose plena capacidade, conveñen en subscribir o presente convenio de patrocinio.

ESTIPULACIÓNS

Primeira.- Obxecto

É obxecto do presente convenio establecer as relacións entre as Partes en orde a dispoñer a actividade de patrocinio por parte da Entidade á Fundación Deporte Galego de acordo co Plan para o 2026.

Este patrocinio será desenvolvido conforme á solicitude presentada pola Entidade, así como de conformidade co establecido no Plan.

Segunda.- Obrigas das partes

A Entidade ven obrigada a desenvolver as actuacións e obrigas recollidas na solicitude presentada á Fundación, así como as establecidas no Plan aprobado a estes efectos, sendo todos estes documentos obrigatorios para as partes.

A entidade comprométese a comunicar no prazo máximo de 5 días desde a obtención do resultado, os resultados máis importantes en competicións nacionais e internacionais a fundaciondeportegalego.pr@xunta.gal. 1º a 3º posto en competicións estatais e 1º a 5º posto en competicións internacionais.

Asemade, a entidade comunicará con unha semana de antelación, a fundaciondeportegalego.pr@xunta.gal a celebración de competicións, eventos de relevancia, ou actos públicos e de comunicación relativos ao equipo patrocinado.

A Fundación Deporte Galego e os equipos, e particularmente os seus adestradores e xogadores, colaborarán nas actividades organizadas no marco do Plan. A Fundación



comunicará aos equipos cunha antelación mínima de 15 días, as actividades do Plan nas que deban participar os adestradores e xogadores, quenes deberán asistir salvo xustificación admitida pola FDG.

A Fundación, pola súa parte, comprométese a patrocinar ao equipo coa cantidade indicada na cláusula seguinte.

Terceira.- Pagamento e partida orzamentaria

O importe do presente convenio ascende a 46.676,36€, máis o 21% de I.V.E. (9.802,04€). Total: 56.478,40€, I.V.E. incluído.

Este importe será abonado pola Fundación, dende a data da sinatura do convenio, en dous prazos:

O primeiro prazo, 80% do importe total, á sinatura do convenio e unha vez recibida a correspondente xustificación gráfica de ter utilizados os soportes publicitarios esixidos coa imaxe de XUNTA DE GALICIA (Anexo II) e presentada, a través do Sistema Electrónico de Facturación da Comunidade Autónoma de Galicia https://factura.conselleriadeconomia.es/eFactura_web/, a correspondente factura emitida pola Entidade de conformidade coa Fundación Deporte Galego. No concepto da factura farase constar "Primeiro pago do convenio de patrocinio formalizado entre a Fundación Deporte Galego e a Entidade Club Balonmano Porriño ao abeiro do Plan de Patrocinio dos Equipos de Alta Competición Deportiva Profesional de Galicia 2026".

O segundo prazo, 20% do importe total aboarase a partir do 31 de outubro de 2026, data de remate do convenio, e unha vez recibida a seguinte documentación:

- Xustificación gráfica de ter utilizados os soportes publicitarios esixidos coa imaxe de XUNTA DE GALICIA e XACOBEO 2027 (Anexo III).
- Declaración doutras axudas solicitadas para a mesma finalidade ás distintas administracións públicas competentes ou a entidades privadas, con indicación das concedidas ou pendentes de resolución, e de que os ingresos obtidos con motivo da actividade patrocinada non xeraron superávit ou, en caso contrario, informado de cal é ese excedente ao fin de proceder á redución do importe final a pagar na contía que exceda o equilibrio entre ingresos e gastos da actividade patrocinada (Anexo IV).
- Factura do segundo prazo (20%). Presentada, a través do Sistema Electrónico de Facturación da Comunidade Autónoma de Galicia https://factura.conselleriadeconomia.es/eFactura_web/ previa conformidade da Fundación Deporte Galego. No concepto da factura farase constar "Segundo pago do convenio de patrocinio formalizado entre a Fundación Deporte Galego



e a Entidade Club Balonmano Porriño ao abeiro do Plan de Patrocinio dos Equipos de Alta Competición Deportiva Profesional de Galicia 2026”.

A data límite para presentar toda a documentación xustificativa será o 15 de Novembro do 2026. En caso de non ter presentada a documentación nesta data, perderán o dereito ao cobro das cantidades pendentes.

Para o exercicio 2026, os convenios serán financiados con cargo á partida orzamentaria (5. Outros gastos), na que se garante que existen fondos axeitados e suficientes.

Cuarta.- Vixencia

O prazo de vixencia estenderase entre a data de sinatura do convenio e o 31 de outubro de 2026.

A Entidade deberá acreditar o cumprimento das obrigas asumidas en virtude do convenio, momento a partir do cal quedará resolto de pleno dereito sen necesidade de comunicación previa entre as partes.

Quinta.- Exención de responsabilidade

A Fundación e a AXENCIA TURISMO DE GALICIA-XACOBEO quedarán exoneradas de calquera tipo de responsabilidade fronte a terceiros por danos de calquera índole que puideran ser causadas por calquera elemento, activo ou soporte publicitario, que conteña os seus logotipos ou marcas.

Asemade, a Fundación e a AXENCIA TURISMO DE GALICIA-XACOBEO non serán responsables, principais nin subsidiarias, respecto de obrigas ou sancións de calquera índole que puideran ser impostas á Entidade ou ao Equipo, comprometéndose a Entidade a manter indemne á Fundación e a AXENCIA TURISMO DE GALICIA-XACOBEO mediante o pago das mesmas.

Sexta.- Incumprimentos, penalizacións, modificación e rescisión do convenio

Estarase ao disposto no Plan de Patrocinio dos Equipos de Alta Competición Deportiva Profesional de Galicia 2026.

A Fundación e a Entidade poderán crear unha comisión de seguimento do convenio co fin de realizar a coordinación e o seguimento das actividades conxuntas programadas, así como co fin de velar polo cumprimento do presente convenio.

Sétima.- Transparencia e bo goberno



De conformidade co artigo 17 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, e co artigo 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia a Fundación Deporte Galego publicará na súa páxina web oficial a relación das persoas beneficiarias e o importe dos patrocinios concedidos. Incluirá, igualmente, as referidas axudas e as sancións que, como consecuencia delas, puidesen impoñerse nos correspondentes rexistros públicos, polo que a presentación da solicitude leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos das persoas beneficiarias e a referida publicidade.

Tamén remitirá para a súa publicación no Diario Oficial de Galicia, dentro dos primeiros vinte días dos meses de xaneiro, maio ou setembro do ano, en función de cando se formalicen os convenios de patrocinio, unha relación dos que se subscriban referida ao cuadrimestre anterior. Nesta relación sinalarese con claridade o importe dos mesmos, o obxecto do convenio e a persoa ou entidade destinataria.

Así mesmo, a Fundación remitirá copia dos convenios formalizados ao rexistro público de convenios da Xunta de Galicia, segundo o establecido na normativa reguladora deste.

Oitava.- Consentimento para a publicidade de datos persoais que figuran no convenio.

Os asinantes do convenio, manifestan seu consentimento ou autorización para que os seus datos persoais que consten no convenio, e mailo resto das especificacións contidas no mesmo, podan ser publicados no Portal da Transparencia e Goberno Aberto da Xunta de Galicia.

Así mesmo, as entidades que accedan autorizan á Fundación a facilitarlle ao patrocinador que corresponda a información relativa á denominación e domicilio da entidade, ao detalle dos soportes publicitarios nos que incluirá a imaxe do patrocinador segundo as prestacións publicitarias establecidas, así como ao importe resolto.

Novena.- Réxime Xurídico

O contido e efectos do presente convenio quedarán suxeitos ás normas do Dereito común.

As cuestións litixiosas xurdidas acerca da súa interpretación, modificación, resolución e efectos que non podan ser resoltas no seo da Comisión de seguimento e interpretación, serán sometidas ao coñecemento da Xurisdición Civil, renunciando as partes a calquera outro foro que puidera corresponderlles.



Décima.- Compromisos en materia de Igualdade.

"Sen prexuízo doutras actuacións que se poidan acometer polas partes no ámbito da promoción da igualdade, e daquelas accións directamente derivadas da aplicación da Lei 7/2023, de 30 de novembro, para a igualdade efectiva de mulleres e homes de Galicia, e demais normativa concordante, as partes comprométense:

- A) A un reparto dos fondos onde se prime o nivel da competición deportiva dos equipos patrocinados, promovendo a igualdade de acceso aos fondos entre os equipos femininos e masculinos.
- B) Á utilización non sexista da linguaxe, coa finalidade de non invisibilizar o feminino.
- C) A velar pola transmisión dunha imaxe igualitaria, plural e non estereotipada dos/as deportistas.

Dando mostra de conformidade con todo o sinalado neste documento, asinan as partes o mesmo e a un só efecto, no lugar e data sinalados na firma electrónica.

Pola Fundación Deporte Galego

Asdo.: Roberto García Fernández

Pola Entidade

Asdo.: Abel Estévez Carrera

